

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 7 DE XUÑO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:06 horas do día 7 de xuño de 2012, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Iván Puentes Rivera, don José Antonio López Rodríguez, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo (quen se ausenta a partir das 19:34 horas), don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese, ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, non sen antes advertir o alcalde de que existe un erro na convocatoria do pleno, xa que non se inclúe o preceptivo apartado de mocións, polo que o punto décimo primeiro da orde do día pasará a ser o de mocións urxentes e o décimo segundo o de rogos e preguntas e dar lectura a un correo electrónico dos Comités de Empresa de Navantia no que se solicita participación nunha manifestación convocada para o 10 de xuño, instando o alcalde a todos os veciños a acudir.

**PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE DATA 26 DE ABRIL DE 2012**

Non habendo obxeccións a acta queda aprobada.

**PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚM. 299/2012 E 348/2012, ASÍ COMA DAS RESOLUCIÓNS DENDE O NÚMERO 389/2012 A 501/2012**

Os concelleiros danse por informados.

**PUNTO TERCEIRO.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INFORME DE MOROSIDADE RELATIVO AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2012**

Os concelleiros danse por informados.

**PUNTO CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A REORDENACIÓN DO TRÁFICO RODADO NAS RÚAS AMENIERAL, ANTONIA MONTERO E AVENIDA DA PAZ, ESTABLECER NA AVDA DO CONCELLO UNHA ZONA AZUL, E DELIMITACIÓN DE UNHA SERIE DE CARGAS E DESCARGAS EN DISTINTAS RÚAS DO CONCELLO DE FENE**

O expediente consta de informe de 14.5.2012 do xefe da Policía Local e do seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal Seguridade, Servicos e Medio Ambiente de data 30 de maio de 2012 por 3 votos a favor do grupo do PP e 4 abstencións, 2 do grupo socialista, 1 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto:

<< A ordenanza municipal de tráfico deste concello, na súa exposición de motivos di que as entidades locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios. A Lei reguladora das bases de réxime local e o seu texto refundido establecen que a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas será competencia das entidades locais, as cales a exercen dentro do límite establecido pola lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A capacidade normativa das administracións locais debe enfocarse cara á regulación das facetas específicas que constitúen a idiosincrasia do municipio, atendendo á variedade e pluralidade do seu tecido social, co fin de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns.

Este concello regulou mediante unha ordenanza municipal diversas cuestións en materia de tráfico co fin de exercer as competencias atribuídas aos municipios polo artigo 7 do Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e normativa concordante e complementar así a lexislación estatal e autonómica neste ámbito.

Vista pois a normativa, e evidente que os concellos teñen a obriga de facilitar a mobilidade e a seguridade aos usuarios nas vías nas que ten competencia.

A ninguen se lle escapa a necesidade de armonizar a convivencia de peons e vehículos e facilitar que tanto uns coma outros teñan o seu espazo e incluso o compartan, pero non é menos certo que e ahí onde a administración ten que poñer orden para garantir a seguridade.

Na actualidade a zona que comprende as ruas Ameneiral, rua da Paz e Antonia Montero teñen serios problemas de circulación, ao ser todas elas de dobre sentido de circulación con estacionamentos a ambas marxes, polo que sería necesaria unha intervención fixando sentidos únicos de circulación. Por outra banda, e ao obxecto de favorecer os pequenos comerciantes e transportistas a hora de facer o seu traballo, así como contribuir a fluidez e seguridade do tráfico, detectase a ausencia de zonas de carga e descarga, as cales unha vez sinalizadas e acotadas darían seguridade e comodidade a un importante grupo de traballadores, que pola ausencia delas teñen en ocasións serias dificultades para desenrolar o seu traballo.

Outra medida encaminada a favorecer a mobilidade, fluidez do tráfico e seguridade, sería a de delimitar unha zona "azul" na Avenida do Concello, para que os veciños que se acheguen ao concello para facer as súas xestións, teñan máis posibilidades de atopar estacionamentos libres. Todas estas medidas están recollidas no articulado da ordenanza de circulación do concello polo que non requiriría a mesma de modificación para poder sinalizar e se fora o caso denunciar as infraccións,

Por todo elo, propónse o Pleno a aprobación do seguinte,

#### ACORDO

- 1.- Sinalizar a Rúa Ameneiral e rúa da Paz para que sexa dun só sentido de circulación, con saída pola Avda. Antonia Montero.
- 2.- Proceder a delimitación e sinalización de zonas de carga e descarga en distintas zonas do concello.
- 3.- Delimitar unha zona azul na Avenida do Concello.>>

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente, voceira do grupo do PP, quen manifesta que todos son conscientes das necesidades das zonas que se pretenden regular, segundo o dito na breve exposición de motivos.

Cre que a solución que se dá a Perlío é a máis axeitada e que é preciso regular as cargas e descargas, que non se atopan delimitadas, pese a estar previstas na ordenanza de tráfico, provocando prexuízos para a seguridade e para os traballadores.

En relación co terceiro punto di que para favorecer as xestións no Concello consideran necesario facer unha zona azul diante do Concello, que se podería delimitar a zona e o horario, que ben podería coincidir co horario do rexistro xeral, por exemplo de 9:30 a 13:30 horas.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro don Iván Puentes Rivera, voceiro do grupo socialista, quen manifesta que esta moción se pode cualificar como chapuza, xa que é desordeada, inconcreta e

contén cuestión inconexas que pouco teñen que ver entre elas, máis que quizais a vontade e o bo desexo do goberno municipal de poder reordenar e axilizar o tráfico rodado dentro do municipio pero sen ningún tipo de concreción nin respaldo técnico nalgún caso.

En relación coas zonas de carga e descarga di que o seu grupo comparte que no concello teña que haber zonas delimitadas de carga e descarga, que ten dúbidas ao respecto de poder facer unha delimitación concreta sen modificar as ordenanzas municipais, que en todo caso habería que estar ao que digan os técnicos, pero a moción fai alusión a distintas zonas do Concello sen concretar ningunha zona, que se achega un informe da Policía Local que di que hai algunhas zonas susceptibles de ser cualificadas coma carga e descarga pero este informe non aclara se son todas ou só algunhas zonas, nin os horarios nin as condicións daquelas. Salienta que o informe da Policía Local non inclúe unha zona das máis demandadas polos veciños na avenida Marqués de Figueroa, a que está xusto antes do estanco de Perlío dirección Mugarbos e que non se puido sinalizar ata o de agora por diferentes motivos, e si aparece unha zona na mesma avenida un pouco máis adiante fronte á rúa Olmedo. Polo tanto, considera que a moción está a pedir un cheque en branco para autorizar ao goberno municipal a poñer zonas de carga e descarga onde queira.

En relación á zona azul di que a moción non concreta se vai ser unha praza de aparcamento, a metade ou toda a avenida do Concello, non especifica as condicións, inda que a voceira do PP especificou un horario que coincida co horario do rexistro do Concello, cando unha zona azul ademais de permitir unha maior fluidez no tráfico tamén pode ocasionar molestias aos veciños e veciñas e trastornos á hora de aparcar os seus vehículos, polo que di que esta medida semella que é tamén inconcreta e tamén tomada á lixeira.

Prosegue dicindo que sorprende ademais que o Partido Popular propoña agora esta medida cando no anterior mandato non detectou estes problemas de aparcamento cando o goberno, daquela socialista, propuxo duplicar o número de prazas de aparcamento facendo a avenida do Concello dirección única e que logo modificou, logo de falar cos veciños que lles manifestaron outro sentir; engade que o Partido Popular daquela criticou ao goberno cualificando a medida como innecesaria e que agora propoñen unha zona azul sen máis.

Respecto das direccións únicas da rúa Ameiral e rúa Antonia Montero di que isto xa foi preguntado en varias ocasións neste Pleno, que o goberno municipal contestou que se estaba a estudar e que había unha proposta e que o Partido Socialista é conscientes da existencia de problemas de tráfico, pero é preciso que a decisión primeiramente estea avalada tecnicamente.

Continúa dicindo que este Pleno ten aprobado poñer dirección única un tramo da rúa Tellerías en Perlío, tramo solicitado por máis de 200 sinaturas dos veciños de Perlío, que o goberno municipal segue sen cumprir, polo que roga que lle expliquen que criterio segue esta moción para propoñer esta solución e pregunta por que non se cumpre co acordo adoptado a proposta do Partido Socialista respecto da rúa Tellerías.

Remata dicíndolle ao equipo de goberno que non contén co Partido Socialista para facer ningunha dirección prohibida mentres non se cumpra o acordo aprobado polo Pleno respecto da rúa Tellerías e que coinciden coa idea de reordenar o tráfico pero que, froito da improvisación do goberno municipal, o voto do Partido Socialista vai ser contrario á moción. Di que tamén entende que este é un asunto que o goberno pode regular pola súa conta sen necesidade de ter que traelo ao Pleno pero que se o goberno quere contar co voto do Partido Socialista e afrontar unha decisión deste tipo amparándose no consenso, o Partido Socialista está disposto a participar, pero sempre que se cumpra primeiro o compromiso xa adoptado polo Pleno para a rúa Tellerías.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro don Manuel Polo Gundín, voceiro do grupo do BNG, que pide ao goberno municipal que retire a moción da orde do día, xa que se quere acudir aos grupos políticos para tomar determinados acordos primeiro deben levarse á Comisión para debatelos e chegar así a unha proposta de consenso.

Di que ten sentido que o grupo de goberno faga mocións para traelas ao Pleno sobre asuntos de política xeral, pero non cando se trata dun asunto que non é competencia do Pleno, ademais de que pensa que o grupo de goberno o que ten é que facer propostas, que foi o que non fixo coa rúa Casanova.

Comparte que as direccións únicas poden ser necesarias nalgún caso, pero debe tratarse de forma consensuada na Comisión Informativa e traer planos, informes ou unha proposta que determine o que se quere facer e onde.

Di que esta competencia a pode desenvolver o goberno sen o apoio dos grupos, pero que o lóxico e o máis prudente é tentar chegar a un acordo ou consenso maioritario porque estas medidas afectan a todo o mundo, pero non ve correcto traer ao Pleno un cheque en branco e logo non cumprir outras cousas.

De seguido fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto dona María Carmen Martínez Rodríguez quen manifesta que non acaba de entender o xeito de traballo deste goberno, que como dixo o voceiro do BNG hai algunhas cousas que se consultan coa oposición e outras non, como foi o caso da rúa Casanova que non se contou coa oposición para nada e o goberno fixo o que lle pareceu. Parécelle moi ben que se conte coa oposición, pero, en tal caso, debe facerse con calma.

Está de acordo en que hai que poñer zonas de carga e descarga pero logo de ver os planos, onde e en que horarios.

Prosegue a dicir que non lle parece unha moción seria, que cun so voto ten que consentir tres cousas distintas de tal xeito que podería estar de acordo con algunha cousa e con outras non, sen embargo o voto debe ser igual para as tres cousas que lle formulan; insiste en que esta disposta a colaborar, a sentarse e traballar pero cunha base e unhas condicións serias, polo que di que o seu voto vai ser negativo.

A continuación fai uso da palabra a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que di que a moción ten un acordo moi concreto no seu primeiro punto e respecto dos outros dous puntos di que a delimitación da zona de carga e descarga xa se dixo que está aberta a todo, que este acordo non existe neste Concello e que lle sorprende que se pida unha zona de carga e descarga na avenida Marqués de Figueroa á altura do estanco cando pensa que é máis necesaria á altura do supermercado que conta cun vado.

Insiste en que se trata dunha moción aberta para que o Pleno acorde regular as zonas de carga e descarga e poder comezar a traballar nisto.

En relación coa zona azul di que se a voceira do grupo mixto quere que se retire, se pode retirar, que a moción fala de delimitar unha zona azul, que se pode estar de acordo ou non, que sobre o dito de que se presenta a moción de súpeto di que non lle parece así, xa que os representantes dos grupos municipais estaban presentes na Comisión e o informe da Policía Local se lles facilitou no mes de setembro, ademais de que en Comisión ben se puido falar de todas estas cousas e propoñer deixar a moción sobre a mesa para falala e estudala.

Engade que leva catro anos nesta Corporación e primeiro na época do bipartito o concelleiro de Policía, que era o sr. Manuel Pico, xa levou este problema ás Comisións, así como tamén o posterior concelleiro, o Sr. Lourido.

Dille ao voceiro do grupo municipal do PSOE que o seu problema é que tivo este asunto enriba da mesa, como outros moitos, que esta moción está consensuada cos veciños como tamén o fixo o Sr. Lourido pero que el non iniciou os trámites para levala a cabo e entre uns e outros os prexudicados son os veciños que sofren a situación dende hai polo menos catro anos.

Afirma que non van retirar a moción e que non se pode comparar a decisión tomada para a rúa Casanova, que para o grupo de goberno foi axeitada, con esta proposta que foi tratada en Comisión, na que os grupos políticos teñen voz e voto, que entende que sexa lexítimo absterse pero non cambiar de argumentario respecto do dito na Comisión porque estiveron todos presentes e cando o presidente da Comisión é bastante dialogante e pode atender este tema axeitadamente.

Reitera que non van retirar a moción porque se cumpriron con todos os trámites administrativos, se levou á Comisión para ditaminar e está consensuada cos veciños, que a intención do goberno é tirar para adiante e di que o voto que se dea quedará na conciencia de cada quen.

A continuación intervén o concelleiro don Iván Puentes Rivera que di non vai ter mala conciencia por votar en contra desta moción, que lle parece ben a determinación do Partido Popular, que teñen 6 votos e xa se verá os que sacan da votación, que se o goberno quere chegar a acordos non axudan intervencións como a feita pola voceira do grupo Popular á que lle di que non entendeu a súa intervención, xa que el se queixou de que non hai concreción, que o informe non aclara nada, que manifesta cousas como "posibles zonas".

Respecto das cargas e descargas reitera o dito de que o Partido Socialista si que é consciente do problema e da necesidade deste regulamento na totalidade do Concello e que dende logo é necesaria a carga e descarga fronte ao supermercado Gadis na avenida Marqués de Figueroa, pero afortunadamente, e con máis ou menos solvencia e apoio nas ordenanzas municipais, dende hai décadas o problema está máis ou menos solucionado coa pasaxe por horas que existe fronte ao supermercado e máis abaixo non existe nada.

En relación co sentido único, dille á voceira do PP que non pode dicir que o PSOE non ve a necesidade de establecer esta medida no contorno da asociación de Veciños de Perlío, xa que si que o ven, que entenden que é necesario regular o tráfico naquel contorno, pero se queren ter o voto favorable do seu grupo teñen que ser serios e rigorosos, que non se pode traer ao Pleno esta dirección única cando leva case un ano pendiente a doutra zona na mesma parroquia de Perlío.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro don Manuel Polo Gundín que reitera que non vai facer polémica deste tema, que non é un asunto de Pleno e, se así fose, o sería pola modificación da ordenanza de regulación de tráfico e que eles pediron que se retirara a moción para evitar debates técnicos no Pleno. Engade que no mesmo goberno hai diferentes criterios para utilizar a sinalización no Concello, xa que se tomaron medidas nesta materia e ata o de agora non se trouxo ningunha ao Pleno e moitas delas tampouco á Comisión.

Di que non tolera que lle chamen mentireiro, que no mes de setembro o goberno transmitiu un informe da Policía que non dicía o mesmo que o que traen hoxe aquí, que non se trata do mesmo documento e non se pode dicir que este informe o tiñan dende setembro, que daquela fixeron unha proposta que non levaron adiante e que o BNG descoñece o porqué.

Insiste en que esta proposta non precisa acordo plenario, que se pode facer memoria de varias mocións en relación á seguridade viaria que foron aprobadas en Pleno como a de Barallobre, logo de que houbera varios accidentes que afectaron a unha casa que hai preto da farmacia, e a cousa segue coma estaba e di que porque unha cousa pase polo Pleno non ten máis garantía de éxito que se non pasara.

Remata dicindo que se queren o apoio do BNG neste tipo de cuestións deben retirar a moción e levar á Comisión punto por punto e non como unha moción, senón como proposta de goberno, amosando flexibilidade e capacidade de chegar a acordos.

A continuación fai uso da palabra a concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez que manifesta que esta de acordo co dito polos voceiros dos grupos municipais do PSOE e do BNG, que en ningún momento dixo que había que retirar o da zona azul, que o que dixo é que non pode votar unha moción que presenta tres cousas distintas, que ante tres propostas independentes pode estar de acordo con unha, dúas, con ningunha ou coas tres, pero que neste caso, como é unha proposta conxunta con tres asuntos distintos, non vai dar o mesmo voto para as tres cuestións, polo que mentres non se presenten os asuntos por separado o seu voto vai ser negativo.

Pide que conste en acta que non pediu en ningún momento que se retirase a zona azul do Concello.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP que di que para rematar o debate quere dicir que o acordo no seu primeiro punto é claro e non leva a ambigüidades e que a proposta presentada no mes de setembro era sobre cargas e descargas e así se lles facilitou á oposición.

**Sometido o asunto a votación foi non aprobado ao obter 6 votos a favor do grupo do PP e 11 en contra, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto.**

**PUNTO QUINTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN RELACIÓN CO CUSTE DE MANTEMENTO DOS CENTROS DE ENSINO PRIMARIO, CENTROS DE SAÚDE E XULGADOS DE PAZ E O INCUMPRIMENTO DO PACTO LOCAL POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA**

Consta no expediente o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal Seguridade, Servizos e Medio Ambiente de data 30 de maio de 2012 por 3 votos a favor, 2 do grupo socialista e 1 do grupo mixto, e 4 abstencións, 3 do grupo do PP e 1 do grupo do BNG:

<< No camiño de racionalización do sector público en España e en Galicia, aparecen como elementos clave tanto unha clara delimitación de competencias do municipalismo como a fundamental reforma do sistema de financiamento local.

Aínda que se están a producir pequenos avances como o anuncio, en abril de 2012, por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da preparación dun anteproxecto de lei para a redefinición do mapa de competencias de todos os niveles gobernamentais, así como do seu sistema de financiamento, a realidade é que a prestación dos servizos improprios consume preto do 25% do gasto total das entidades locais, conforme as estimacións da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Dentro do marco constitucional e lexislativo actual, o proceso de Pacto Local Galego asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP en data 20 de xaneiro de 2006, no desempeño das competencias e servizos locais, significou a reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, con base no principio de subsidiariedade e no respecto á garantía da autonomía local.

O Pacto Local incorporaba unha cláusula para o progresivo traspaso á Xunta dos gastos de mantemento de colexios de ensino primario, centros de saúde e xulgados de paz, por consideralos de competencia estritamente autonómica.

Esa cláusula está a ter un desenvolvemento certamente lento, porque por exemplo, desde 2006 só 36 centros de saúde foron asumidos pola Xunta e anunciase para o ano 2013 o traspaso de 25-30 centros, dun total de 400. Para os centros non transferidos, a Xunta aportará aos Concellos menos de 900.000 euros, cantidade claramente insuficiente.

A pouca flexibilidade actual do financiamento municipal, agravada pola baixada dos ingresos propios e os recortes nas transferencias doutras administracións, provoca as dificultades crecentes dos Concellos galegos na asunción dos custos de servizos impropios como o mantemento dos centros de ensinanza primaria, os centros de saúde, ou os xulgados de paz.

Isto provoca unha situación de demanda financeira por parte dos concellos a outras administracións, neste caso a Xunta de Galicia, para paliar a súa insuficiencia orzamentaria ante os gastos que lles supón dar resposta a estas necesidades da cidadanía.

Mentres esta demanda financeira non é resolta de forma positiva, as necesarias e imprescindibles obras de mellora e mantemento destes centros en múltiples ocasións son aprazadas, co conseguinte prexuízo na prestación de servizos básicos como son a educación ou a sanidade para a cidadanía galega.

No caso do Concello de Fene, os centros dos que asumen os gastos de mantemento as arcas municipais e que están suxeitos a esta cláusula de traspaso do Pacto Local, son os seguintes:

- CEIP Centieiras
- CEIP O Ramo
- CEIP Os Casais
- CPI A Xunqueira
- Centro de Saúde do Tarrío
- Xulgado de Paz de Fene

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS<sup>de</sup>G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a pactar coa FEGAMP no prazo de dous meses un calendario de asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, centros de ensino e xulgados de paz, ata agora asumidos polos concellos.
2. Solicitar unha reunión coa FEGAMP para consensuar unha postura común por parte das entidades locais ante a Xunta de Galicia para que asuma o custo do mantemento, vixilancia e limpeza dos edificios dos centros de ensino primario, de saúde e xulgados de paz.>>

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, quen, unha vez concedida, di que a moción está relacionada co que lle custa ao Concello manter os centros de ensino primario, o centro de saúde e o xulgado de paz.

Di que todos os grupos políticos agás EU estiveron no goberno municipal e pensa que todos son conscientes do elevado custe de mantemento que estes centros supoñen para as arcas municipais, custe que se ve especialmente agravado nestes momentos de dificultades económicas no que os concellos teñen menos cartos para poder afrontar o día a día e que é dobremente inxusto porque se trata dunha competencia que é da Xunta de Galicia pero que financian os concellos dende hai moito tempo.

Engade que está recollido no Pacto Local asinado pola Xunta de Galicia e pola FEGAMP no ano 2006 como servizos que deberan ser financiados pola Xunta de Galicia, librando aos concellos deste mantemento, pero dende que se asinou dito pacto só 36 centros de saúde de Galicia foron transferidos á Xunta de Galicia e esta só ten a previsión de incorporar 25 ou 30 centros máis ata o ano 2013 dentro dos 400 que ten a Comunidade Autónoma.

Di que no caso de Fene xa vén de vello a proposta de transferir o centro do Tarrío e a Xunta de Galicia conta con este centro como susceptible de ser transferido, mentres que o centro de Maniños ten un réxime especial por parte do Concello que non faría posible inicialmente dita transferencia.

De igual xeito, di, pasa cos colexios de ensino primario do Concello, agás as escolas unitarias de Sillobre e Limodre, que son de estrito financiamento municipal, pero si os colexios públicos de Centieiras, do Ramo, dos Casais e da Xunqueira serían susceptibles, como reconece a Xunta de Galicia de ser transferidos á Comunidade Autónoma para que asuman os gastos de mantemento. Respecto do xulgado de paz de Fene di que o caso é máis obvio, xa que as competencias son da Consellería de Presidencia, que se trata dunha institución que está a dobre camiño entre o Concello, que elixe ao xuíz de paz e financia aos funcionarios que o atenden e os custes do edificio e a Xunta de Galicia que regulamenta o seu funcionamento.

Di que nestes momentos, nos que todos se queixan dos poucos cartos e das necesidades de financiamento dos Concellos, e mentres non chega a reforma do financiamento local, o que si se pode pedir é que a Xunta de Galicia asuma as competencias que lle son propias e que libre aos Concellos das competencias impropias, que se estima que son un 25% das competencias que prestan os Concellos, que pagan pero que non son destes e que no caso concreto de Fene libre do custe de mantemento dos centros.

O voceiro do grupo do BNG presenta a seguinte emenda ao ditame:

1. Instar á Xunta de Galicia a que se axilice a asunción dos gastos de mantemento dos centros de ensino e axilizar a transferencia dos centros de saúde e xulgados de paz, facéndose cargo a Xunta dos mesmos, tal e como se ten acordado coa FEGAMP.
2. Instar á Xunta de Galicia a que incremente o Fondo de Cooperación Local cos criterios establecidos no Pacto Local nos últimos anos, consolidando as cantidades aportadas nos anos anteriores, procedendo tamén ao incremento cos fondos destinados pola Xunta a subvencións finalistas.
3. Comunicarlle o presente acordo ao presidente da Fegamp e portavoces das organización políticas na súa Executiva.

A emenda é aceptada polo poñente da moción, don Iván Puentes Rivera, pero mantendo o punto segundo da moción do PSOE, o que é aceptado polo grupo do BNG, quedando, polo tanto, incorporados estes cambios á proposta de acordo.

De seguido pide o uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedida manifesta que se suma á moción e que vai votala favorablemente.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que anuncia o voto do seu partido vai ser en contra por varios motivos. Di que é certo que o bipartito, PSOE e BNG, asinaron este acordo coa FEGAMP, pero que non se trata de asinar acordos se non de asumir compromisos; que está claro que a Xunta de Galicia do Sr. Feijoo dende o ano 2009 avanzou bastante máis nestes tres anos que o anterior goberno entre os anos 2006 e 2009, asinando este pacto sen tomar ningún tipo de medidas.

Di que unha das primeiras medidas que tomou a actual Xunta de Galicia á súa chegada ao goberno foi a creación deste Fondo extraordinario dotado cun millón de euros para os concellos de menos de 5.000 habitantes e estableceu o mecanismo de garantías do Fondo de Cooperación Local que permitiu que ningún concello galego percibira pola participación dos ingresos da Comunidade Autónoma un importe inferior ao percibido durante o ano anterior ao 2009.

En relación aos centros de saúde di que son de titularidade municipal, que si é certo que non se poden quedar con estas medidas tomadas, que teñen que ser máis ambiciosos e solicitar da Xunta que cada vez asuma máis compromisos pero que hai que ter en conta a situación de crise na que se vive.

Destaca que a Xunta de Galicia xa asumiu o mantemento de 25 centros de saúde e se está a traballar en 30 centros máis e respecto dos centros de ensino primario a Xunta está asumindo o compromiso de facerse cargo do subministro do gasóleo da calefacción e, en relación cos Xulgados de Paz, xa se levan feito máis de 30 convenios para regularizar o persoal laboral das secretarías dos

Xulgados e a asunción por parte da Xunta de Galicia dos gastos de consumibles dos Xulgados dos Concellos de máis de 7.000 habitantes.

Engade que chama poderosamente a atención a presa do PSOE e do BNG para cumprir este acordo, cando foron eles os que asinaron o pacto e tamén quen o incumpriron reiteradamente, creando conflitos coa FEGAMP ao aprobar diversas normas que ían en contra do municipalismo. Di que entende que non se poden quedar nisto, que a Xunta ten que facer máis, ir asumindo os centros de saúde e os gastos das escolas primarias pero realmente o que si que hai que recoñecer é a situación que se está a vivir e que a Xunta xa avanzou bastante, que non entenden como os principais culpables do incumprimento piden agora o seu cumprimento con tanta presa e que quizais como a cor política non é agora a mesma por iso o piden, e por iso o PP vai votar en contra da moción.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro don Iván Puentes Rivera, quen manifesta que non pode entender o descoñecemento que ten unha concelleira que xa leva dous mandatos no Concello, xa que o compromiso da Xunta de asumir o custe do gasóleo da calefacción dos colexios foi asumido polo bipartito da Xunta de Galicia e non gobernando o PP; que o Pacto Local non é un pacto que asuma o PSOE ou o BNG cando gobernaban, senón un pacto entre a Xunta de Galicia e os Concellos a través da FEGAMP asinado polo alcalde de Lalín, o Sr. Crespo que é do PP, e apoiado polo PP no Parlamento de Galicia, isto é, foi un acordo apoiado polas tres formacións políticas, PSOE, PP e BNG.

Respecto da coherencia, di que cando gobernou o seu partido en Fene xa votaron a favor dunha ou dúas mocións que pedían a esixencia de cumprimento do pacto local e que esixían que a Xunta de Galicia, cando Touriño era presidente, asumise o custe do mesmo.

Engade que lle sorprende que o actual goberno municipal non sexa quen de pedirlle á actual Xunta de Galicia que lles libre dos custes dos centros de ensino, do centro de saúde e do Xulgado de Paz, que semella que están encantados de ter que pagar, e pregunta con que criterio o goberno municipal non lle esixe á Xunta de Galicia que cumpra o que ten acordado e aprobado no Pacto Local.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro don Manuel Polo Gundín quen di que felicita ao PP polo guión que lle pasan, que se avanzou neste acordo polo feito polo bipartito, que o fixo avanzar. Pregúntalle á concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente se se cre o que di, que dende que chegou Feijoo en Fene se pasou de 90.000 a 60.000 euros de convenio en materia de centros de saúde e o Concello segue a manter o centro de saúde, polo que non se pode dicir que o PP o fai moi ben e que este acordo se desenvolve grazas a el, senón en todo caso se desenvolve grazas ao esforzo de todos e todas.

Di que a única cuestión que marca a ecuación é que a Xunta de Galicia ten que cumprir co acordado, cun acordo adoptado por todas as forzas políticas para que as competencias que son da Xunta de Galicia as asuma a propia Xunta.

Considera que ninguén acelerou máis do posible pero que detectan que nos últimos tempos o goberno de Feijoo só cumpriu o mínimo, polo que o BNG o que pide é que se cumpra con ese acordo, xa que os Concellos están tamén nunha situación crítica.

De seguido fai uso da palabra a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que di que están todos de acordo en que o pacto se asinou no ano 2006, que non é menos certo que dende o 2006 ata o 2009 este acordo se incumpriu, que o voceiro do BNG ten razón cando di que Feijoo non está facendo máis que o acordado, que o seu partido así o recoñece e son os primeiros en dicir que non se avanzou todo o que se tiña que avanzar e que teñen que ser máis ambiciosos para que se cumpran todos os acordos, pero que é certo que hai que ir pouco a pouco, que tamén é certo que se fixo máis nestes derradeiros tres anos que entre o feito entre os anos 2006 e 2009, que a situación económica que se está a vivir non permite que se asuman os custes de todos os centros de saúde, nin todos os colexios, nin todos os xulgados, que o que non se fixo en tres anos non se vai facer agora en catro. Di que pensan que hai que ter unha coherencia e lle parece increíble que os partidos da oposición, PSOE e BNG teñan tanta presa en poñer en marcha unhas medidas adoptadas por eles e que non as cumpriron ata o de agora, cando o tiveron na súa man e non o fixeron.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro don Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que xusto o dito pola voceira do PP é como para votar a favor.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto e 6 en contra do grupo do PP.**

Á vista do resultado da votación o pleno acorda:



- 1. Instar á Xunta de Galicia a que se axilice a asunción dos gastos de mantemento dos centros de ensino e axilizar a transferencia dos centros de saúde e xulgados de paz, facéndose cargo a Xunta dos mesmos, tal e como se ten acordado coa FEGAMP.**
- 2. Solicitar unha reunión coa FEGAMP para consensuar unha postura común por parte das entidades locais ante a Xunta de Galicia para que asuma o custo do mantemento, vixilancia e limpeza dos edificios dos centros de ensino primario, de saúde e xulgados de paz.**
- 3. Instar á Xunta de Galicia a que incremente o Fondo de Cooperación Local cos criterios establecidos no Pacto Local nos últimos anos, consolidando as cantidades aportadas nos anos anteriores, procedendo tamén ao incremento cos fondos destinados pola Xunta a subvencións finalistas.**
- 4. Comunicarlle o presente acordo ao presidente da Fegamp e portavoces das organización políticas na súa Executiva.**

**PUNTO SEXTO.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DO REAL DECRETO LEI 16/2012 DE MEDIDAS URXENTES PARA GARANTIR A SUSTENTABILIDADE DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE E MELLORAR A CALIDADE E SEGURIDADE DAS SÚAS PRESTACIÓNS**

A Comisión Informativa de Persoal Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de data 30 de maio de 2012 emitiu o seguinte ditame favorable por 4 votos a favor, 2 do grupo socialista, 1 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, con 4 votos en contra do grupo do PP :

<< O Sistema Nacional de Saúde, creado coa Lei Xeral de Sanidade de 1986 é unha conquista da sociedade española.

O modelo de sanidade creado a partir de entón baseou o seu desenvolvemento nos principios de universalidade, equidade, calidade, cohesión e loita fronte ás desigualdades en saúde, conseguindo avances sanitarios de gran magnitude que situaron á sanidade española entre as primeiras do mundo desenvolvido.

Unha clave relevante que explica o enorme avance do noso sistema sanitario público radica no seu carácter de sistema amplamente descentralizado, que permitiu ás Comunidades Autónomas desenvolver servizos rexionais de saúde que responderon de maneira satisfactoria ás necesidades sanitarias da poboación.

O Sistema Nacional de Saúde español dispón de profesionais sanitarios altamente cualificados sen cuxa implicación e involucración cos obxectivos sanitarios non fose posible alcanzar os niveis de calidade logrados na Sanidade durante estes anos.

Moitas das actividades dos servizos sanitarios atoparon no ámbito municipal un espazo de colaboración e de cooperación institucional coas autoridades sanitarias en actividades e iniciativas de diversa índole que van desde a construción e mantemento de centros sanitarios, á colaboración en programas preventivos, asistenciais ou de promoción da saúde.

Esta cooperación, desde os municipios, forma parte tamén dos elementos que permitiron avanzar en relación á saúde dos cidadáns.

Os cidadáns apreciaron o desenvolvemento do Sistema Nacional de Saúde e a súa capacidade de dar resposta ás necesidades socio sanitarias da poboación; de feito, a sanidade pública foi tradicionalmente o servizo público mellor valorado pola cidadanía.

A caída de ingresos en todas as administracións, por mor da crise económica, condicionou a adopción de medidas de control do gasto e de austeridade que permitan contribuír á sustentabilidade económica da nosa sanidade pública.

Entre 2010 e 2011, o Goberno socialista adoptou, xunto coas Comunidades Autónomas, un paquete de accións que permitiron rebaixar de maneira importante os gastos sanitarios en ámbitos que non afectaron nin á calidade das prestacións nin os dereitos da cidadanía.

Foron medidas de control do gasto farmacéutico, medidas de xestión centralizada de compras, medidas de coordinación institucional e outras que permitiron asegurar austeridade sen afectar dereitos nin calidade.

Con todo, o acceso do PP ao Goberno de España tivo como consecuencia a caída da confianza da poboación española sobre a sanidade pública e a aparición da sanidade como problema que preocupa á cidadanía.

O Goberno do Sr. Rajoy xerou unha enorme preocupación social ao afirmar que a sanidade española non é sustentable e expor unha reforma do Sistema Nacional de Saúde, que tocou elementos esenciais do modelo ao acabar coa universalización da sanidade por razón de cidadanía e substituílo por un modelo de aseguramiento ligado á seguridade social. Un modelo no que quen non estea incluído, terá que demostrar non dispor de ingresos suficientes para adquirir a condición de asegurado.

A sanidade deixa de ser pública, universal e gratuíta para todos os cidadáns e convértese nunha sanidade só para os asegurados e a beneficencia.

Esta modificación retrotrae ao sistema sanitario a un modelo de aseguramiento similar ao vixente nos anos setenta e principios do oitenta; antes da aprobación da Lei Xeral de Sanidade, de 1986. Vólvese a unha situación similar ao sistema insolidario que existía en España nos anos 70.

Xunto a iso, a decisión de romper a carteira de prestacións con carteiras complementarias, abre a porta ao copago de moitas prestacións polas que até agora non había que pagar.

Por primeira vez, os pensionistas van ter que pagar polos medicamentos que precisan. un 10% dos medicamentos que lles recete o médico e que as persoas en activo paguen tamén, polo menos, un 25% máis do que pagan agora pasando do 40% ao 50% do prezo.

Moitos cidadáns que até agora non tiñan que pagar polo transporte sanitario non urxente, agora terán que pagar por iso.

E así, ábrese a porta a novos copagos sanitarios co cambio normativo que o Goberno realizou publicando o Real Decreto Lei 16/2002 no que supón un auténtico Decretazo aprobado unilateralmente sen diálogo nin consenso.

O sistema nacional de saúde pode ser sustentable sen realizar recortes nas prestacións, sen minguar a calidade e sen implantar o copago sanitario

Unha sanidade pública de calidade é un ben irrenunciable e unha política fundamental para a equidade e a cohesión

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS<sup>de</sup>G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Solicitar a derogación do Real Decreto Lei 16/2012, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.
2. Instar ao Goberno a dialogar coas forzas políticas, axentes sociais, Comunidades Autónomas e Federación Española de Municipios para alcanzar un gran acordo que permita garantir a

sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde mantendo os principios establecidos na Lei Xeral de Sanidade de 1986, no referido ao seu carácter universal e gratuíto, e no que se respecten as competencias propias das Comunidades Autónomas e se garanta un financiamento suficiente para os servizos sanitarios

3. Instar á Xunta de Galicia a rexeitar a aplicación das medidas do RDLei 16/2012 polas inxerencias que suponen nas competencias exclusivas da Comunidade Autónoma de Galicia
4. Trasladar este acordo á FEGAMP e aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego

De seguido fai uso da palabra o concelleiro don Iván Puentes Rivera que manifesta que o Real decreto Lei 16/2002 que vén de ser aprobado acaba case que co sistema nacional de saúde, feito lle parece moi grave e máis que se faga por Real decreto, xa que non se fixo debate ningún no Congreso dos Deputados, impedindo o diálogo e o consenso das forzas políticas.

Afirma que se trata dun Real decreto que ten alarmada á poboación e do que pensa que aínda non son conscientes das súas consecuencias negativas, xa que dende o ano 1986, ano no que se universaliza a sanidade neste país, todos teñen asumido que a sanidade pública é universal e gratuíta, inda que gratuíta con matices, xa que se está pagado cos impostos de todos os cidadáns, pero con acceso gratuíto xa que non hai que pagar cando un recibe atención médica.

Di que neste asunto xa houbo algún tento por parte da Xunta de Galicia e así viuse como, despois do verán, en Galicia comezouse a negar por primeira vez a asistencia sanitaria ás persoas que máis o necesitaban, a parados de longa duración que deixaban de percibir a prestación por desemprego que estaban obrigados a pagar os medicamentos na súa totalidade ou a non recibir asistencia sanitaria.

Engade que a Xunta de Galicia tentou paliar o asunto coa escusa do código 29 e os trámites e trastornos que causou, pero que a día de hoxe, afortunadamente, na meirande parte dos casos aquel proceso se fai case que automaticamente.

Non obstante, cando pensaban que o problema estaba resolto chega o goberno de Rajoy con este Real decreto que o que fai é retrotraer o dereitos aos anos setenta e tantos, abandonando o concepto de sanidade universal e pública para todos os cidadáns, para pasar a outro modelo no que o que cotiza ten os seus dereitos e o que non, se ten que buscar a vida.

Cre que o Real decreto introduce medidas profundamente inxustas e preocupantes como son o incremento da porcentaxe de pagamento dos medicamentos, mesmo o copagamento para os pensionistas na merca dos medicamentos (que pode chegar ata un 10% do custe, unha cantidade de cartos nada desdeñable para un pensionista medio ao longo do ano), o pagamento de determinados servizos e próteses que antes se dispensaban de balde dentro do sistema sanitario ou mesmo os dos desprazamentos en ambulancia ata os hospitais para os usuarios que, por exemplo, precisen un tratamento de diálises.

Polo tanto, considera que o Real decreto o que fai é introducir o copagamento, tantas veces negado por parte do PP cando estaba na oposición e nos seus primeiros anos de goberno, implicando que os que máis cartos teñen terán un mellor acceso á sanidade que os que teñen menos cartos, que os pensionistas que son os que máis medicamentos consumen de por si se lles vai gravar máis que aquelas persoas que non precisan medicinas e que, en definitiva, o que fai é primar á sanidade privada, polo que o que el lle pide ao goberno é que lle cobre aos ricos os impostos que teñan que cobrar para que a sanidade pública siga sendo gratuíta como era ata o de agora.

Remata dicindo que o principal argumento dado polo PP para adoptar estas medidas, logo de que dixera que nunca tocaría a sanidade nin a educación, era a peculiar situación na que se está e os escasísimos cartos que tiña o goberno para afrontar o día a día, que non facía viable soste o sistema de saúde tal e como estaba, procedéndose a recortar en educación e sanidade uns 10.000 millóns de euros, pero, sen embargo, si ten 25.000 millóns que aparecen dun día para outro para poder reflotar e nacionalizar Bankia.

O voceiro do grupo do BNG presenta a seguinte emenda ao ditame:

1. O Concello de Fene solicita do Goberno do Estado á derogación do Real Decreto Lei 16/2012, de medidas urxentes para garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.
2. Insta ao Goberno do Estado a dialogar coas forzas políticas, axentes sociais, Comunidades Autónomas e Federación Española de Municipios para alcanzar un grande acordo que permita garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde mantendo os principios establecidos na Lei Xeral de Sanidade de 1986, no referido ao seu carácter universal e gratuíto, e no que

se respecten as competencias propias das Comunidades Autónomas e se garanta un financiamento suficiente para os servizos sanitarios.

3. Instar á Xunta de Galiza a rexeitar a aplicación das medidas establecidas no RDL 16/2012 pola inxerencia que supoñen nas competencias exclusivas de Galiza e a tomar as medidas precisas na súa defensa.
4. Trasladar así mesmo este acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e aos grupos parlamentares do Parlamento Galego.

A emenda é aceptada polo poñente da moción, don Iván Puentes Rivera, quedando, polo tanto, incorporados estes cambios á proposta de acordo.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia o voto a favor da moción, pero quere matizar o termo gratuíto da sanidade, xa que coma dicía o voceiro do PSOE é gratuíto se se entende que non hai que pagar cada vez que se vai ao médico pero que dende logo gratuíta non é, xa que se cobra todos os meses, pero agora, inda por riba, hai que pagar para facer probas, as ambulancias ou as comidas das hospitalizacións polo que di que case que sería mellor que lles descontasen eses cartos e que cada quen vaia ao médico que queira.

Considera que cos cartos destinados a Bankia non habería que facer recortes en sanidade ou educación, senón que ademais se poderían recuperar todas as vivendas das persoas desafiuciadas; que para a banca aparecen os cartos que fagan falla e para sanidade, educación ou as hipotecas non hai cartos, que a xente que non ten e que precisa ir aos comedores sociais, como a xente dependente das compañías auxiliares do naval que está a acudir á cociña económica.

Di, en relación coas promesas electorais do Partido Popular, que todo o que dixó que non ía facer o levou a cabo en menos de seis meses e sempre en contra da clase máis desfavorecida e que lle fai moita graza as manifestacións da Sra. Cospedal cando a escoita dicir que o Partido Popular é o goberno da clase traballadora.

A continuación fai uso da palabra a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que lle di á voceira do grupo mixto municipal que imaxina que algún traballador votará ao Partido Popular.

En relación co Real decreto entende que o que se buscou foi facer efectiva a universalidade da sanidade, buscar ese paquete de medidas básicas que se van recoñecer a todos os españois para que non existan esas diferenzas a nivel sanitario entre as distintas Comunidades do noso país. Deste xeito, di, o Real decreto recolle todas as posibles situacións nas que se pode atopar unha persoa, tanto o titular como os familiares, regulando todos os seus ámbitos, evitando os desaxustes entre distintas zonas e igualando as prestacións sanitarias de todos; isto é, evita o fraude encuberto que pode existir no sistema sanitario e que tantas perdas estaba dando ao país.

Búscase, en definitiva, un sistema máis equitativo e máis xusto e considera que non é certo que o sistema de copagamento se vaia a aplicar en España, xa que mesmo é a primeira vez que neste país se prevé que un parado de longa duración e mesmo aquelas persoas que perciben prestacións non contributivas, non pagan nada por concepto de medicamentos.

Considera que é moi vendible politicamente falar dos xubilados, que é certo que é un colectivo que está mal, pero que tamén hai pensións de xubilación que non se poden comparar con persoas que teñen que pagar a súa hipoteca, con fillos na escola ou na universidade ou con parados de longa duración.

Di que o Real decreto propón, no caso dos pensionistas, un pagamento máximo dun 10% dos medicamentos, o que suporá pagar coma moito 8 euros ao mes, un esforzo que hai que facer entre todos debido á situación actual.

Afirma que o que busca o Real decreto é que os que máis teñen paguen máis e que os que menos teñen paguen menos, ou mesmo non paguen nada e que as rendas máis altas van facer fronte a un custe entre o 40% e o 60% dos medicamentos. En definitiva, búscase un sistema sanitario máis eficiente e que é certo que as medidas non son de bo gusto pero ela que pensa que os que teñen cartos deben pagar os medicamentos.

Remata a súa intervención dicindo que o Real decreto trata que os que non teñen nada que non afronten nada, que os que teñen algo aporten algo e os que máis teñen aporten máis e dille á concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez en relación ao dito de que o Sr. Rajoy fixo todo o contrario do prometido en campaña electoral, que ela pensa que non é así, que o Sr. Rajoy non sabía exactamente o que se ía atopar á súa chegada ao goberno, que a situación era crítica en España e o que fixo é ir tomando medidas para intentar solucionar o problema.

Seguidamente pide o uso da palabra o concelleiro don Iván Puentes Rivera quen unha vez concedido manifesta que xa dixo que non hai cartos para afrontar o tema da sanidade pero si os hai para o tema de Bankia, co que queda demostrado que si hai cartos para o que se quere. En relación ao dito de que o Real decreto fai o sistema sanitario máis xusto, máis equitativo e máis igualitario di que é todo o contrario, que o seu partido está de acordo en que os que máis teñen deben ser os que máis paguen e que os que menos teñen paguen menos, mesmo que non paguen nada, que é o único bo que ten o Real decreto, pero o de que quen máis ten pague máis e que o que menos ten pague menos se pode facer de dúas maneiras, como plantea o Real decreto que é que cando unha persoa vai ao médico ten que pagar ou cando precisa dun medicamento paga e entón paga en función do que consume, ou se pode facer vía impostos, é dicir, que os que máis cartos teñen paguen máis impostos que logo se adiquen ao financiamento da sanidade.

Cre que esa é a vía, xa que a outra, a de cobrar cando unha persoa vai ao médico, é unha solución tramposa porque se non se acude ao médico non se paga nada, polo que, ao final, o que ten cartos irá á sanidade privada e o pobre á pública, estea como estea. Deste xeito, os cartos dos ricos non reverterán na sanidade pública e si na privada e estes cartos non redundarán no beneficio do resto de cidadáns que consumen da sanidade pública; en cambio se os cartos se sacan vía impostos é igual de xusto, xa que quen máis ten pagará máis pero se garante que os cartos se destinan á sanidade e esta estará ben, usándoa ou non e quen cos seus cartos queira ir á sanidade privada, que vaia.

Respecto dos medicamentos di que si que hai xente que fai acopio de medicamentos e ao mellor si que todos teñen máis medicamentos na casa dos que se precisan, pero que hai dúas medidas para paliar isto, unha que se comece a receitar por doses, que di que sería a vía correcta, e outra, que é a que fai o Real decreto, facer pagar os medicamentos para diminuír o seu consumo. Pensa que con isto novamente se está a prexudicar a quen menos cartos ten, como son os pensionistas.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro don Manuel Polo Gundín que manifesta que dubida moito de que esta medida sexa igual para todos, sobre todo porque se trata de competencias autonómicas e así no País Vasco se atende aos emigrantes e en Madrid non, en Galicia non se vai cobrar polo transporte aos centros sanitarios, segundo o dito polo Sr. Feijoo e noutras Comunidades Autónomas si, ou que en Galicia o presidente abriu a posibilidade de cobrar polas comidas dos hospitalizados e que todas estas medidas de copagamento penalizan ás persoas enfermas.

Di, respecto das pensións, que quen ten unha boa pensión é que traballou moitos anos cunha boa base de cotización e cunha retención de IRPF alta que fixo posible que outras persoas tiveran unha prestación gratuíta e universal e que cando di gratuíta fala da universalidade das retencións practicadas durante a vida laboral do traballador no que se sustenta o sistema.

Considera que o que hai que facer é reforzar e mellorar o sistema de pensións, que é o que diferencia a unha sociedade avanzada dunha sociedade atrasada, dunha sociedade solidaria dunha insolidaria; que sabe que hai outros modelos pero que el aposta por este modelo solidario e de redistribución, que se podían facer moitos axustes por arriba (modificacións da superestrutura do sistema sanitario) e por abaixo, na presión das farmacéuticas e nas presións e distribución dos aparellos médicos e demais. Remata dicindo que van votar a favor da moción porque non comparten os argumentos do Partido Popular para votar en contra da moción.

A continuación fai uso da palabra a concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez que di que o esforzo dos 8 euros lle parece moito, que por iso igual ela milita en EU e a voceira do grupo de goberno milita no PP, xa que eses 8 euros para un pensionista lle dá dor de corazón, que o esforzo o teñen que facer quen máis cobre e se non chega é entón cando o teñen que facer os pensionistas.

En relación co Sr. Rajoy di que cando unha persoa ten decencia, cando chega a un sitio pensando que vai facer unha cousa e non a pode facer e precisamente ten que facer todo aquilo que precisamente dixo que non ía facer, por decencia ten que dimitir.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que quere lembrarlle aos voceiros do BNG e de EU que precisamente quen limitou os soldos por arriba foi o Partido Popular, precisamente nesta lexislatura e ninguén se acordou disto.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto e 6 en contra do grupo do PP.**

Á vista do resultado da votación o pleno acorda:

- 1. O Concello de Fene solicita do Goberno do Estado á derogación do Real Decreto Lei 16/2012, de medidas urxentes para garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.**

2. **Insta ao Goberno do Estado a dialogar coas forzas políticas, axentes sociais, Comunidades Autónomas e Federación Española de Municipios para alcanzar un grande acordo que permita garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde mantendo os principios estabelecidos na Lei Xeral de Sanidade de 1986, no referido ao seu carácter universal e gratuíto, e no que se respecten as competencias propias das Comunidades Autónomas e se garanta un financiamento suficiente para os servizos sanitarios.**
3. **Instar á Xunta de Galiza a rexeitar a aplicación das medidas establecidas no RDL 16/2012 pola inxerencia que supoñen nas competencias exclusivas de Galiza e a tomar as medidas precisas na súa defensa.**
4. **Trasladar así mesmo este acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e aos grupos parlamentares do Parlamento Galego.**

**PUNTO SÉTIMO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN RELACIÓN COA REDUCCIÓN DOS PARTIDOS XUDICIAIS DE GALICIA E O INCREMENTO DAS TAXAS NESTE EIDO**

Consta no expediente o seguinte ditame favorable da comisión informativa de persoal seguridade, servizos e medio ambiente de data 30 de maio de 2012 por 2 votos a favor do grupo socialista e 5 abstencións, 3 do grupo do PP, 1 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto:

<< O 19 de abril pasado, o Consello Xeral do Poder Xudicial aprobou un documento, sen validez xurídica algunha, no que propón a modificación do deseño das plantas xudiciais en España.

Polo que se refire a Galicia, dito documento propón unha drástica redución dos partidos xudiciais actualmente existentes polo que pasaríamos de 45 partidos xudiciais a 13.

Esta reforma proposta polo Consello Xeral do Poder Xudicial, e que o Ministro de Xustiza quere asumir, non supón en ningún caso unha modernización da Administración da Xustiza, senón todo o contrario. Dita medida, unida a da suba das taxas xudiciais, supón unha nova traba aos cidadáns para o acceso o dereito a tutela xudicial efectiva. A Xustiza, pasará a ser ademais de lenta, CARA E LONXANA.

Dende o PSdeG PSOE vimos defendendo a necesidade de modernizar a Administración de Xustiza, pero diferimos do modelo que propón o CXPX. A Administración de Xustiza se moderniza coa reforma das leis procesuais, coa regulación de solucións extraxudiciais alternativas, coa racionalización de medios materiais e persoais existentes, coa dotación de mais e mellores medios, coa informatización adecuada dos Tribunais etc.

A proposta do CXPX ademais de non resultar rendible dado o momento de dificultades económicas que estamos a sufrir (pois suporía a creación da grandes sedes xudiciais nas 13 demarcacións que propón para Galicia), non se axusta as características xeográficas nin sociais do noso país, onde existe unha gran dispersión poboacional, e suporá que cidadáns se teñan que desprazar a sedes xudiciais lonxanas, coas correspondentes dificultades de mobilidade e cos gastos económicos que leva aparelada a subida das taxas.

O anterior Goberno do Partido Socialista, encomendou a unha comisión de expertos a elaboración dun informe acerca da ruta a seguir a fin de acadar a reordenación do mapa xudicial. Dito informe foi aprobado polo Consello de Ministros e apostaba pola creación dos Tribunais de Instancia, por culminar o proceso de implantación da nova oficina xudicial, e por facer realidade o uso das novas tecnoloxías na Administración de Xustiza.

Agora o Goberno do PP parece querer empezar a casa polo tellado, ante o que desde o PSdeG PSOE amosamos o noso total rexeitamento, porque ademais do que xa se expuxo, suporía para os Concellos afectados graves prexuízos na súa economía local.

A maiores, o Goberno do PP ven de aprobar o Anteproxecto de Reforma das taxas xudiciais, o que supón un COPAGO ou REPAGO polos xusticiables dos servizos da Administración de Xustiza.

Queda lonxe a lei 25/1986 de 24 de decembro aprobada polo Goberno Socialista de Felipe González, que suprimira absolutamente as taxas xudiciais, facendo así a mais cabal interpretación do disposto na Constitución Española.

O retorno a rancia institución das taxas xudiciais, ten como escusa, segundo o goberno do PP evitar o exceso de litioxidade, pero en realidade nos atopamos ante un claro ataque frontal o principio constitucional da tutela xudicial efectiva. Os remedios para evitar a conxestión pasan por elevar o número de xuíces, optimizar a produtividade, con aplicación de recursos técnicos do noso tempo e en último termo, potenciar como xa se expuxo as solucións alternativas o proceso tales como o arbitraje e a mediación. Lonxe disto, o PP pretende solucionar o problema creando unha xustiza de dúas velocidades: unha de ricos e urbanos fronte a outra de para as rendas medias e baixas e que viven en vilas e pobos máis pequenos.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS<sup>de</sup>G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a fin de que inste o Goberno do Estado para que non de validez algunha á proposta de reforma da planta xudicial elaborado polo Consello Xeral do Poder Xudicial., mantendo as demarcacións xudiciais actualmente existentes.
2. Instar a Xunta de Galicia a fin de que inste o Goberno do Estado que proceda a retirar o Anteproxecto de Reforma das taxas xudiciais.
3. Dar traslado deste acordo ao Consello da Avogacía, á Xunta de Galicia, ao CXPJ e ao Ministerio de Xustiza.>>

De seguido fai uso da palabra o voceiro do PSOE, don Iván Puentes Rivera, que manifesta que presentan esta moción como consecuencia dun documento aprobado polo CXPJ o 19 de abril pasado e ve con preocupación como para mellorar, supostamente, a xustiza deste país e a atención da xustiza aos cidadáns, propónse a redución dos xulgados existentes en todo o Estado, que concretamente no caso de Galicia será de 45 a 13 partidos xudiciais.

Di que tamén ve con preocupación a intención do goberno de incrementar as taxas xudiciais, en contra do lóxico, xa que pensa que todos os partidos políticos están a favor de facer a xustiza máis accesible, achegala aos cidadáns e pregúntase como se vai mellorar a lentitude deste sistema se de 45 partidos xudiciais en Galicia se pasan a 13.

Engade que se fala de adoptar a redución de plantas xudiciais sen que se adopte ningunha medida para incrementar o número de xuíces, de novas tecnoloxías ou doutras medidas que vaian no senso de axilizar a xustiza, o que considera preocupante en todo o Estado e máis en Galicia no que a súa poboación está máis dispersa, polo que esta concentración o que vai significar son grandes desprazamentos para as persoas que non vivan nas áreas urbanas de Galicia, afastándolle a xustiza e facéndolla máis cara, xa que haberá que sumar os desprazamentos ao incremento das taxas.

Considera que esta medida está a establecer unha diferenciación entre ricos e pobres, de tal xeito que limitarán o acceso á xustiza a aqueles que teñan cartos de abondo para poder recorrer.

O voceiro do grupo do BNG presenta a seguinte emenda ao ditame, de xeito que quedaría incorporado coma punto terceiro da parte dispositiva, e o punto terceiro pasaría a ser o cuarto:

3. Instar á Xunta de Galiza a que demande a transferencia das competencias para fixar a estrutura do mapa xudicial (partidos e unidades xudiciais) a través do Parlamento e os órganos competentes en materia de xustiza de Galicia.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo do BNG que propoñen esta emenda porque Galicia ten competencia en materia de xustiza pero non nesta competencia concreta de organización, que, aproveitando que o goberno do Estado modifica a planta xudicial, entende que se reclame e se unifiquen as competencias nesta materia e que sexa o propio Parlamento galego quen organice a planta xudicial tendo en conta, precisamente, as características de dispersión da poboación galega para non alonxar máis a xustiza.

A emenda é aceptada polo poñente da moción, don Iván Puentes Rivera, quedando, polo tanto, incorporados estes cambios á proposta de acordo.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que esta de acordo coa moción.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértola Puente, que di que o seu partido vai votar en contra da moción e se vai abster de debater xa que se trata dun documento previo que ten carácter informativo, que non hai nada definitivo e que polo tanto non o vai debater.

Seguidamente intervén o concelleiro don Iván Puentes Rivera que di que o carácter previo é a proposta do CXPJ sobre a redución de xulgados de paz, que o incremento da taxas aos cidadáns non é unha cuestión previa, é un anuncio de algo que ten acordado e aprobado o Ministerio de Xustiza, dito así polo ministro.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por 10 votos a favor, 5 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto e 6 en contra do grupo do PP.**

Á vista do resultado da votación o pleno acorda:

- 1. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a fin de que inste o Goberno do Estado para que non de validez algunha á proposta de reforma da planta xudicial elaborado polo Consello Xeral do Poder Xudicial., mantendo as demarcacións xudiciais actualmente existentes.**
- 2. Instar a Xunta de Galicia a fin de que inste o Goberno do Estado que proceda a retirar o Anteproxecto de Reforma das taxas xudiciais.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a que demande a transferencia das competencias para fixar a estrutura do mapa xudicial (partidos e unidades xudiciais) a través do Parlamento e os órganos competentes en materia de xustiza de Galicia.**
- 4. Dar traslado deste acordo ao Consello da Avogacía, á Xunta de Galicia, ao CXPJ e ao Ministerio de Xustiza.**

#### **PUNTO OITAVO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE FENE**

Consta no expediente a seguinte proposta da concelleira delegada de ensino de data 29 de maio de 2012 ditaminada favorablemente pola unanimidade dos concelleiros integrantes da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade:

<<Asunto: PROPOSTA DE ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE FENE

JUANA BARRO COUTO, CONCELEIRA-DELEGADA DE ENSINO, logo de ver:

- A entrada en vigor do o Regulamento do Consello Escolar municipal de Fene (BOP núm. 72 de 17 de abril de 2012, e consonte co disposto no citado Regulamento

Propoño a aprobación do seguinte DITAME:

1. Someter á consideración do Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

A) Aprobar a convocatoria de eleccións para a elección dos/as tres alumnos/as que representarán ao alumnado no Consello Escolar Municipal (artigos 4.d e 14.1 do citado regulamento).

B) Aprobar proceder á constitución da Xunta Electoral encargada da organización e procedemento de elección e que estará constituída pola Concelleira Delegada de Ensino, un/ha profesor/a e un/ha alumno/a de educación secundaria que se escollerán por sorteo entre os membros dos Consellos Escolares dos centros de educación secundaria.>>



De seguido fai uso da palabra o voceiro do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que se trata da proposta segundo o falado e solicita que logo de facer esta trámite, que xa chega tarde, se reúna canto antes o Consello Escolar para avaliar as propostas do novo curso que comeza en setembro.

A continuación fai uso da palabra a voceira do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que os estatutos que se trouxeron a este Pleno foron aprobados e teñen unha serie de trámites administrativos dos que se deron conta nas Comisións pertinentes, tanto da súa publicación, exposición pública e demais, que se está a seguir o tempo establecido na normativa para que o Consello se constituía ben, que non é unha cuestión de celeridade senón de prazos administrativos, que o goberno xa dixo outras veces que o Consello se pode reunir de xeito informal cando se queira.

Seguidamente o concelleiro don Iván Puentes Rivera propón que se convoque unha reunión informal coa mesma composición que terá o Consello Escolar para facer o que fará o propio Consello cando se constituía que é falar, xa que non se trata dun órgano executivo que teña competencias para tomar decisións, senón un órgano consultivo.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín que di que comparte esa preocupación e lle gustaría que antes de final de mes, aproveitando que aínda as direccións dos centros están operativas, se faga unha xuntanza coas AMPAS e centros de ensino como se viña facendo, cando menos para ter un contraste do remate do curso e coñecer aquelas cuestións de mantemento, competencia do Concello, que precisan os centros e non ter que esperar a setembro cando o curso comece de novo.

De seguido intervén a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que di que a reunión vai ir máis na liña do dito polo voceiro do BNG, xa que non poderán asistir os mesmos membros que terá o Consello Escolar, xa que seguro que non acudirá o representante da Xunta de Galicia ou o representante sindical da zona, que a reunión será entre as AMPAS, os representantes dos centros máis os representantes dos grupos políticos.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultada da votación o pleno acorda:

**A) Aprobar a convocatoria de eleccións para a elección dos/as tres alumnos/as que representarán ao alumnado no Consello Escolar Municipal (artigos 4.d e 14.1 do citado regulamento).**

**B) Aprobar proceder á constitución da Xunta Electoral encargada da organización e procedemento de elección e que estará constituída pola Concelleira Delegada de Ensino, un/ha profesor/a e un/ha alumno/a de educación secundaria que se escollerán por sorteo entre os membros dos Consellos Escolares dos centros de educación secundaria.**

#### **PUNTO NOVENO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN RELACIÓN COS DRÁSTICOS RECORTES DO GOBERNO DE ESPAÑA NO ENSINO PÚBLICO DO NOSO PAÍS**

Consta no expediente o seguinte ditame desfavorable da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade de data 1 de xuño de 2012, ditaminado co voto de calidade do presidente, logo de obter 3 votos a favor, (2 do grupo municipal do PSOE e 1 do grupo mixto), 3 votos negativos do grupo municipal do PP e 2 abstencións do grupo municipal do BNG:

<<O Grupo Municipal do PS<sup>de</sup>G-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación cos DRÁSTICOS RECORTES DO GOBERNO DE ESPAÑA NO ENSINO PÚBLICO DO NOSO PAÍS, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno de España anunciou, unha vez aprobados os orzamentos do ano 2012, un recorte adicional de 10.000 millóns de euros, centrado en sanidade e educación, ao tempo que a prima de risco se disparaba. Corresponde ao gasto educativo, responsabilidade das comunidades autónomas,

un 30% desa cifra total, é dicir, 3.000 millóns de euros que logo debe ser desagregada por territorios. A Galicia tocaralle unha parte, aínda sen determinar con exactitude por parte do Goberno de Núñez Feijóo.

As medidas previstas polo Real Decreto-Lei 14/2012, son nocivas para o sistema educativo, pero desde o PSdG-PSOE dicimos algo máis: que esta política non é a única posible.

De acordo co Plan de Estabilidade 2012-2015 que remitiu o goberno Rajoy a Bruxelas, o gasto público do conxunto das administracións reducirase nun 19% ate o 2015, para situarse nun 37% do PIB. A converxencia coa Europa adiantada esixe facer xusto o contrario do que se propón: reforzar a base impositiva do Estado, con tributos de ampla base e progresivos, para soste os servizos públicos universais e eficaces que reforcen a nosa competitividade.

O RD Lei citado establece:

- A posibilidade para as CCAA de elevar un 20% o número de alumnos por aula (o que elevará o número en primaria de 25 a 30; en secundaria de 30 a 36, e en Bacharelato e educacións especiais de 35 a 42 alumnos por aula), mentres a taxa de reposición de efectivos sexa inferior ao 50%, e todo iso sen ter en conta ao alumnado repetidor o que fai que na práctica as aulas de Primaria superen os 30 alumnos, as de Secundaria os 36 e as de Bacharelato os 42, masificando de forma moi grave as aulas nos centros educativos.
- A elevación das horas lectivas para os profesores por riba das obrigas actuais, fixándose un mínimo de 25 horas en primaria e de 20 en secundaria.
- A cobertura das baixas dos docentes sen recorrer a persoal adicional polos propios centros se son de menos de dez días laborais, ou sexa, dúas semanas enteiras, o que na práctica se traduce en que terán que ser os outros profesores dos centros os que se fagan cargo dos alumnos e, normalmente, en que non terán esas horas de clase. Esa era unha medida que xa impulsara a Xunta de Galicia.
- A eliminación transitoria de complementos retributivos ou retribucións variables.
- A redución da obriga legal de ofertar polo menos dúas modalidades de bacharelatos nos centros, o que terá consecuencias negativas en todas as áreas, pero mais acentuadamente no rural. O que suporía unha reorganización moi marcada de moitos centros, facendo desaparecer algúns departamentos, recolocando a moito profesorado e, seguramente, facer innecesario a algún e afectando ás decisións das familias que verán como se aloxan as opcións de bacharelato. E inclusive, supoñendo unha redución do nivel pedagóxico dos centros.
- O aprazamento da actualización de módulos de ciclos formativos da FP ao curso 2014-2015 desde o 2012-2013. Aquí, de acordo con noticias de prensa, o Conselleiro xa anunciou que suspende a implantación de novos ciclos.
- O incremento das taxas universitarias, superando nalgúns casos o 50% de incremento que conxuntamente co recorte das bolsas ao estudio e primando outros criterios para a súa concesión que non son os económicos, van facer que á universidade so vaian a estudar os ricos, cortándolle esa posibilidade ao resto da poboación.

Criterio unánime de expertos, asociacións de pais e sindicatos é que estas medidas afectarán negativamente á calidade do ensino, contribuirán de forma decisiva ao despoboamento do rural ao eliminar os centros educativos actualmente existentes.

Así mesmo, favorecerán de forma clara e contundente ao ensino privado fronte á escola pública, ao tempo que se crea unha educación para ricos e outra para pobres, voltando así a situacións vividas na época predemocrática e que pensabamos que xamais voltarían.

Estas medidas provocarán unha redución notable do número de profesores, afectando en primeira instancia aos interinos e substitutos pero tamén posibilitando a non cobertura das baixas por xubilación que, no seu efecto acumulado en un horizonte medio, pode chegar a situarse no 20-30% do total (de feito, o gasto educativo no 2015 será un 21% inferior---

A masificación das aulas e o incremento das esixencias ao profesorado terán consecuencias sobre o nivel dos alumnos. A non cobertura de baixas, sumándose á asunción do custe das mesmas na maioría dos casos polos propios profesores, provoca un aforro adicional e un deterioro agudizado da docencia. Os alumnos deberán adicionalmente enfrontarse a unha oferta educativa adelgazada.

E os problemas de fondo do sistema educativo non se enfrontan, con estas medidas: nin a porcentaxe demasiado elevada de fracaso escolar nin as deficiencias da FP, por exemplo. Polo contrario, cabe agardar unha intensificación dos problemas.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS<sup>de</sup>G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda remitir un escrito aos Presidentes do Gobernos de España e de Galicia para que se derrogue o Real Decreto-Lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización del gasto público no ámbito educativo.>>

De seguido fai uso da palabra o voceiro do PSOE, don Iván Puentes Rivera, que di que esta moción é complementaria coa de sanidade porque os Reais decretos de recortes da sanidade e do ensino público se tramitaron conxuntamente e sen ningún tipo de debate parlamentario. Di que este Real decreto igual que o da sanidade lle preocupa no sentido de que é un paso máis do Partido Popular na precarización do ensino público e cara o fomento do ensino privado, considerando o máis preocupante o tema do número de alumnos por aula, xa que significa unha peor calidade de ensino, xa que non é igual ter clases de quince ou de corenta alumnos e máis paro dentro da administración pública, porque se contratarán menos mestres.

Por outra banda, ademais, fórmulase un incremento de horas lectivas dos mestres de primaria e secundaria, que tamén implica menor contratación de mestres fomentando máis paro e unha peor calidade, diminuindo as horas para preparar as clases.

Engade que o Real decreto tamén establece que non se cubran as baixas dos mestres e que hai unha cuestión que afecta ao instituto de Fene, xa que hai catro modalidades de bacharelato das que os institutos tiñan a obriga de ofertar cando menos dúas e, a partir de agora, só unha, o que pode supor que os rapaces e rapazas teñan que desprezarse a Ferrol a estudar como en tempos de Franco.

Cre que isto non está tan lonxe de poder pasar, xa que o PP xa o ano pasado trasladou a Ferrol os cinco ciclos superiores xunto cun ciclo medio de FP que había en Fene, abríndolle así as portas á ensinanza privada.

Di que o derradeiro punto grave que recolle o Real decreto é o das taxas universitarias, que lle dá potestade ás Comunidades Autónomas que poden chegar a incrementalas ata un 50% segundo a vontade das Comunidades Autónomas e o presidente da Xunta non dixo que non as ía incrementar, senón que Galicia seguiría sendo a Comunidade Autónoma coa taxas universitarias máis baixas, o que vén significar que Galicia é unha das Comunidades Autónomas máis pobres e, polo tanto, ten as taxas máis baixas.

Remata dicindo que ve con certa preocupación o futuro de certos centros de Fene, ante os recortes no profesorado e medios.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do BNG, don Manuel Polo Gundín, e a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncian o voto a favor do seu grupo.

De seguido intervén a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que estas medidas que foron adoptadas polo goberno de España son medidas que o Ministerio puxo enriba da mesa, pero que non esixen o seu cumprimento a todos, polo que haberá grandes diferenzas entre unhas Comunidades e outras.

Di que Galicia ten sorte de ter o presidente que ten, xa que esta serie de recortes e eliminación de programacións en Galicia non se van dar, xa que só se van facer algunhas das medidas previstas no Real decreto e que, inda que son medidas impopulares, deben ser tomadas en tempo de crise e para saír desa situación.

Dille ao voceiro do PSOE, en relación á pouca valentía do presidente da Xunta cando dixo que serían as taxas universitarias máis baixas de toda España, que o PSOE tivo a un presidente que xogou na liga de campións da economía e que negou a crise que estaba aí.

Remata dicindo que a moción do PSOE se centra nas medidas que o Ministerio adoptou para España e que en Galicia só afectan as medidas adoptadas aquí.

A continuación intervén o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que o Real decreto non obriga porque non pode obrigar, suxire ás Comunidades Autónomas porque as competencias son da Comunidade Autónoma, polo que o goberno de España non é quen de dicirlle á Xunta de Galicia cantos mestres hai que contratar ou as taxas que teñen que establecer, que o

gobierno de España recomienda pero obrigándolle logo a cumprir un obxectivo de déficit determinado, indicando que o camiño para poder cumprilo é por aí.

Respecto das manifestacións do presidente da Xunta de Galicia, di que non dixo que non se fose cumprir co Real decreto, dixo que as taxas seguirían sendo as máis baixas e que a ratio de alumnos, de momento, non a ía aplicar, pero do demais non dixo nada.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por 10 votos en contra do sentido desfavorable do ditame (5 do grupo socialista, 4 do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos a favor do sentido desfavorable do ditame do grupo do PP.**

Á vista do resultado da votación o pleno acorda:

**A Corporación Municipal de Fene acorda remitir un escrito aos Presidentes do Gobernos de España e de Galicia para que se derroque o Real Decreto-Lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización del gasto público no ámbito educativo.**

**PUNTO DÉCIMO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN COA DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO GALEGO**

Consta no expediente o seguinte ditame desfavorable da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade de data 1 de xuño de 2012, ditaminado co voto de calidade do presidente, logo de obter 3 votos a favor, (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), 3 votos negativos do grupo municipal do PP e 2 abstencións do grupo municipal do PSOE:

<< MOCIÓN EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa galega a través de diferentes entidades (organizacións sindicais, ANPAS, movementos de renovación pedagóxica, organizacións estudiantís partidos políticos...) constituíu a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público para manifestar o rexeitamento ao Real Decreto-Lei 14/2012, publicado polo goberno do Estado, para esixir da Consellaría de Educación que non aplique en Galiza ningún dos recortes contidos no RD Lei e que o recorra por invadir as competencias que en materia educativa ten a Xunta de Galiza.

A Educación é un dereito que os gobernos teñen a obriga de garantir nas mellores condicións posíbeis. Só a través do ensino público se poden minorar as diferenzas sociais e se poden formar as xeracións do futuro nos valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da democracia. O ensino non é unha mercadoría. Nunca pode ser medido con criterios de rendibilidade económica. A súa oferta e calidade debe estar garantida para todas e para todos, independentemente da procedencia socioeconómica ou xeográfica de cadaquén, aplicando as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades. Por iso mesmo, nun momento de crise económica é cando cómpre fortalecer os servizos públicos e manter as dotacións necesarias para que non perdan calidade e para que o conxunto da cidadanía, esa que está a sufrir a crise, non se vexa privada dos seus dereitos.

Mais iso non é o que sucede hoxe. O actual goberno galego veu aplicando sucesivos recortes ao ensino público e reduciu en 425 millóns os orzamentos en relación aos de 2009, o que provocou a perda de máis de 2.000 docentes e a conseguinte falta de dotación necesaria para facer fronte á atención á diversidade, ao reforzo educativo e ás necesidades educativas especiais, é dicir, a todas as necesidades que ten o sistema educativo galego. Xunto a isto, a Administración galega eliminou a gratuidade dos libros de texto e non cobre as baixas do profesorado inferiores a quince días. Gastáronse millóns en tirar con libros por estaren en galego e en facer propaganda da eliminación da gratuidade dos libros, mentres mantiñan e incrementaban as axudas aos centros privados concertados, mesmo cando segregan o alumnado por sexo.

A sociedade galega non merece que o ensino, onde deben medrar e formarse as xeracións do futuro, sexa tido en tan pouca consideración polo goberno galego. Co pretexto da crise, golpéase, de maneira grave, o ensino público, pondo en cuestión o dereito á educación das clases populares. Por iso, pedímoslle que rectifique e que, como primeira medida, se posicione en contra dos recortes que agora nos quere aplicar o goberno do Estado.

Os recortes que se propoñen buscan reducir o profesorado dos centros (despedindo miles de docentes), incrementar o número de alumnado por aula (masificando as aulas), reagrupar alumnado de diferentes niveis educativos nunha mesma aula e reducir a oferta educativa. Todas estas medidas dificultan o acceso á educación das clases sociais máis desfavorecidas, van contra a calidade do ensino e significan maior fracaso escolar.

Estes recortes van supoñer, de levalos a cabo:

- Incrementar as ratios a 30 alumnos/as en Infantil e Primaria, 36 en Secundaria e 42 en Bacharelato. Esta medida provocará a masificación das aulas, impedirá unha atención personalizado do alumnado e atender as necesidades educativas específicas, e suporá menor calidade do ensino e maior fracaso escolar.
- Impor unha xornada lectiva semanal mínima para o profesorado de 25 horas en Primaria e 20 en Secundaria. Isto traducirase, entre outras consecuencias, en que o profesorado terá que impartir materias das que non é especialista, completar horario noutros centros, incrementando as itinerancias, e dificultará a realización doutros labores necesarios para o funcionamento do centro e para mellorar a calidade do ensino.
- Non substituír o profesorado de baixa. Será un prexuízo para o centro e para o alumnado que as baixas non se cubran até que pasen catorce días (dez días lectivos). Os centros verán alterado o seu plan de traballo cada vez que se produza unha baixa e o alumnado terá que ser atendido por profesorado de diferentes especialidades á do substituído, conculcando o dereito á educación do propio alumnado.
- Eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato. Con graves consecuencias na formación do alumando, obrigado a desprazarse de non contar na localidade coa modalidade de bacharelato que quere cursar. Afasta os servizos dos ámbitos non urbanos, restando máis poboación ao rural, reduce o acceso ao ensino superior, polas dificultades de gran parte do alumnado de custearse os desprazamentos, incrementando o abandono escolar e dificultando cursar os estudos desexados.
- Adiar a implantación de ciclos de formación profesional. Que prexudica gravemente as persoas que, precisamente nun momento de crise económica, buscan unha mellor e máis actualizada formación, entre elas moitas persoas paradas.
- Incrementar as taxas universitarias. Trátase dunha suba desorbitada, que pode superar o 50% e que se fixará en función do custo das titulacións. Isto achegará o prezo das matrículas ao que hai nas universidades privadas e impedirá que as universidades públicas continúen a cumprir o papel de inclusión e igualdade social.

Con estes recortes atácase gravemente o ensino público e a súa calidade, así como o dereito de igualdade de oportunidades do alumnado, que aumentará o fracaso escolar e despedirá máis de 2.000 docentes. Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.>>

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que a moción vai a prol do ensino galego como competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que o seu grupo está en contra de que o goberno do Estado faga un Decreto no que lle marque a Galicia cuestións directas da xestión da Consellería de Educación incrementando ratios, a xornada lectiva do profesorado, as non substitucións das baixas e demais, sendo todas elas competencias exclusivas da Xunta de Galicia, que é soberana para decidir que modelo educativo quere para Galicia; por este motivo, a proposta de resolución difire do proposto anteriormente polo PSOE, que non é contradictorio pero enfoca de xeito distinto o mesmo asunto.

Di que no anterior punto non interveu por ser unha moción relacionada con esta pero dille á voceira do PP en referencia á moción anterior, que é de aplicación a esta, que o presidente dixo na campaña electoral feita en Ferrol que ía facer un centro de reparacións na ría e que ía acabar co paro en corenta e cinco días e hoxe non hai reparacións e hai máis paro que nunca. Considera que esta norma desigual a aínda máis as Comunidades Autónomas.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Punte, que reitera que as medidas son impopulares e que se deixou claro que non son de obrigado cumprimento, que pode haber Comunidades Autónomas que axusten máis as medidas que outras e que o presidente da Xunta de Galicia xa manifestou que se ían adoptar algunhas por seren necesarias. Engade que non se pode ser hipócrita, que realmente a situación é mala e os recortes se están a producir en todos os ámbitos.

Remata dicindo que se propón subir á ratio de alumnos por aula pero que isto non vai pasar en Galicia; que respecto dos tipos de bacharelato, cada centro vai ser libre de decidir e manter ou non a oferta existente; que se van manter os ciclos de FP con esas dúas mil horas para adaptalos á LOE, (medida adoptada polo anterior goberno español e que hai que facer sen dotación orzamentaria) e, en definitiva, que é certo que hai que adoptar medidas, que poden ser impopulares, pero que non sendo obrigatorias, o presidente galego vai tentar adoptalas do mellor xeito posible, pero que, en todo caso, as principais e que máis preocupaban, non as vai adoptar.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado 10 votos en contra do sentido desfavorable do ditame (5 do grupo socialista, 4 do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos a favor do sentido desfavorable do ditame do grupo do PP.**

Á vista do resultado da votación o pleno acorda:

**Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.**

#### **PUNTO DÉCIMO PRIMEIRO.- MOCIÓNS URGENTES**

Preséntase pola alcaldía unha moción urxente para prestar aprobación á adenda nº 2 do proxecto de "Renovación das redes de abastecemento de auga da avenida Naturais e a rúa da Fraga" incluído no PCC 2008-2011, motivado pola necesidade de adaptación do proxecto á autorización emitida polo Ministerio de Fomento, e que consta informada favorablemente por informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal o 7.6.2012.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que esta comparte a urxencia, que quere que a obra se faga o máis axiña posible e que a solución que formula Fomento é a habitual nestes casos e que tamén comparte.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que o seu grupo non vai entorpecer a execución do plan e roga para que se aproveite esta modificación para evitar no posible a tala das árbores.

Sometida a urxencia da moción a votación foi aprobada pola unanimidade dos concelleiros, quedando incorporado o asunto á orde do día.

**Acto seguido procédese á votación do asunto sendo aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**Aprobar a adenda nº 2 do proxecto de "Renovación das redes de abastecemento de auga da avenida Naturais e a rúa da Fraga" incluído no PCC 2008-2011.**

#### **PUNTO DÉCIMO SEGUNDO.- ROGOS E PREGUNTAS**

##### **ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO SOCIALISTA**

Acto seguido o voceiro do grupo socialista procede a formular os seguintes rogos e preguntas que foron contestados como segue:

- Roga que se arranxen os problemas de baixadas de augas que hai na rúa da Armada, concretamente fronte ao camiño do Castiñeiro en Maniños, xa que se actuou nun sumidoiro que non é o que ten o problema.
- En relación coas obras que se fan en San Valentín de substitución de beirarrúas, roga que se controlen día a día os traballos, sobre todo respecto da rotura e obturación de tubarías.
- Roga que se faga limpeza urbana no camiño do Peirao en Perlío, que é un camiño sen saída que baixa contra o peche de Astano, xa que está en condicións pésimas e nunca se pasa por alí.
- Roga que na rúa do Tarrío se poña en marcha un plan de seguridade viaria, pintando a liña central e os carrís de circulación, beirarrúas e aparcamentos.
- Roga que se facilite o estudo de custes exactos do servizo de prevención de riscos.
- Roga que se amaíe a mesa do cenador que está no río Cádavo.
- Roga que se laven os colectores do Concello, xa que o verán está próximo e os olores xa comezan a ser problemáticos.
- Roga que se inste a retirar á empresa responsable o colector de cascallos que hai preto do parque infantil do río Cádavo, que leva máis dun ano alí.
- Roga que se proceda á limpeza dos graffitis que hai nos muros das zonas urbanas do concello que proliferan dun xeito descontrolado.
- Roga que se inste á empresa Aquagest a que repoñan o asfalto naquelas zonas que teñan que facer algún tipo de actuación, para que non queden fochancas.
- Roga que cando comecen as obras na avenida Naturais, se hai que talar algún magnolio se repoña por algún tipo de árbore inda que sexa de menor porte, pero que non quede esta avenida sen ningún tipo de árbore.

O alcalde manifesta que toman nota dos rogos.

- ¿É certo que se modificaron ou se van modificar as condicións laborais dos traballadores subrogados da empresa Sedega que traballaban na piscina e no pavillón municipal e que pasaron agora a depender da nova empresa á que se lle adjudicou o servizo? Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que xa respondeu hai uns días á mesma pregunta na Comisión Informativa e repite que no prego se prevé a subrogación de todos e cada un dos traballadores que figuran, que o goberno municipal cumpre a normativa e lle esixe á empresa que tamén o faga, que todo o que exceda disto é do ámbito xurídico privado.

-¿Cando está previsto convocar a seguinte Mesa de Negociación? ¿Vai convocar aos grupos da oposición a ditas mesas? Contesta o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez que xa falou con todos os grupos da oposición e que serán convocados a futuras reunións. Engade que non sabe aínda a data na que se volverá convocar, xa que se está a esperar as propostas dos traballadores para volver facelo.

- ¿Que destino vai ter a caseta de madeira que se instalou en San Valentín co gallo da Feira Outlet? ¿Vai ter algún uso ou vai quedar alí? Contesta o alcalde dicindo que aínda non se retirou de alí porque foron moitos os veciños que dixeron que quedaba ben e estase a pensar se queda ou non.

- O anterior técnico de prevención de riscos laborais impartía uns cursos de prevención aos traballadores e traballadoras municipais, polo que quere saber ¿quen vai impartir agora estes cursos? e no caso de que estes cursos vaian ser impartidos pola empresa que presta o servizo pregunta ¿vai dar lugar a un custe a maiores ou vai incluído dentro do custe do servizo? Contesta o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez que estes cursos non van supor un incremento no prezo do contrato e os impartirá a propia empresa.

- ¿Van arranxar as isletas do cruce de Fene? Contesta o alcalde que se fará cando toque porque agora están na época de desbroces e a brigada municipal está bastante ocupada.

- ¿Váiselle entregar novos uniformes á brigada de obras este ano ou hai un recorte nesa partida? Contesta o alcalde dicindo que cando entren en vigor os orzamentos se pode volver a preguntar por este tema.

- En relación coas festas de Magalofes, di que tiveron coñecemento de que unha furgoneta do Concello estivo trasladando aos gaiteros dunhas zonas a outras do concello, que non sabe se este vehículo o conducía un traballador municipal ou un concelleiro, polo que pregunta ¿se isto foi así, estaban os gaiteros cubertos polo seguro do vehículo no caso de que houbera un accidente?, ¿préstase este servizo ás demais parroquias do Concello cando queiran tocar os gaiteros?

Contesta o alcalde dicíndolle ao voceiro que lle parece unha auténtica falla de consideración, educación, respecto e unha tremenda metedura de pata o que dixo, xa que el sabe que dende este Concello sempre se axudou a todas as Comisións de Festas e a todas as Sociedades. Engade que efectivamente foi unha furgoneta, conducida por un traballador municipal, a que levou aos gaiteros, como se vén facendo dende sempre e que non sabe a que conduce este tipo de preguntas, preguntándolle ao voceiro se el non viña facendo tamén isto, xa que non é razoable que un excalcalde veña a preguntar isto nun Pleno.

O concelleiro don Iván Puentes Rivera contesta que el só preguntou, que non criticou.

- En relación ao prezo da auga saben que os xornais publicaron a nova que dicía que o consello de Emafesa se ía reunir para acordar a tan anunciada suba da auga para os concellos da ría de Ferrol polo que quere saber se hai algunha nova ao respecto.

Contesta o alcalde dicindo que non teñen coñecemento de nada ao respecto e que neste Concello non se recibiu ningunha comunicación, que só coñecen as novas que saen nos xornais, que legalmente sabe que Fene ten subscrito un contrato legal con Ferrol que prevé unhas actualizacións do prezo da auga.

- En relación co convenio co Concello de Neda para compartir a futura segunda escola infantil do Concello de Fene di que preguntaron na Comisión e que o alcalde lles dixo que Fene non fora invitada á esa reunión e pregunta ¿en que termos esta redactado o convenio desta escola infantil? ¿é certo, tal e como dixo o Alcalde de Neda en pleno, que as supostas 20 prazas que se reservarían para Neda estarían na escola infantil da Torre en Perlío, desprazando aos nenos de Fene a Barallobre?, ¿como se van asignar as prazas, cantas se van compartir?

Contesta o alcalde dicindo que unha cousa é o que di a prensa e outra cousa é o que hai. Afirma que se están barallando posibilidades, que non existe ningún convenio coa Xunta de Galicia nin ningunha previsión de que os nenos de Neda vaian ir a escola infantil de Perlío, que non hai nada de nada e que onte foi falar coa delegada da Xunta de Galicia para que lles bote unha man xa que este asunto está parado. Engade que respecta moito as declaracións do Alcalde de Neda, xa que esa pode ser a idea que el ten para facer respecto dos nenos de Neda, pero que polo momento o que hai que facer é conseguir a casa e logo xa se planificará.

- ¿Hai previsto algún plan de actuación nas praias ao longo do verán, en que estado se atopan e como se vai manter na época de baño? Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Painceiras dicindo que xa comezou a limpeza o venres día 1 de xuño e que hoxe mesmo se fixeron estes traballos na praia de San Valentín.

- ¿Cando se vai facer a dirección única na rúa Tellerías en Perlío? Contesta o alcalde que se asumiu nunha memoria da Alcaldía e que o tema está sendo estudado.

- ¿Ten o goberno municipal noticia da amortización dunha praza dun traballador no Xulgado de Paz de Fene? Contesta o alcalde dicindo que non saben nada deste asunto.

- ¿Houbo algunha comunicación por parte da Xunta de Galicia sobre o posible cambio no mapa de centros de ensino do Concello de Fene para o vindeiro curso?, ¿hai previsión de peche dalgún centro no Concello de Fene?, ¿hai prevista algunha redución de mestres cara ao vindeiro curso? Contesta o alcalde dicindo que xa dixo que tiña solicitada unha entrevista co conselleiro de Ensino e ata a data non ten resposta.

- ¿Hai algunha novidade respecto dos traballos de prospección que o presidente da Xunta de Galicia e o de Navantia prometeron na súa visita a Ferrol? Contesta o alcalde que ogallá fose el quen tivera



boas novas ao respecto, pero que, en todo caso, deberá ser o presidente da SEPI quen deba dar estas novas se as hai.

### **ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO DO BNG**

Acto seguido o voceiro do grupo do grupo BNG procede a formular os seguintes rogos e preguntas que foron contestados como segue:

- En relación coa pregunta e a resposta sobre os traballadores subrogados da piscina e do pavillón municipal e sobre os modelos de xestión, di que estes son os que son e os que di a Lei de contratos, polo que roga que os membros da Corporación, e sobre todo o goberno, utilicen estas cuestións con rigor, xa que privatización é pasar unha cousa pública a privada, e diferente é unha concesión administrativa e unha prestación de servizos, xa que as prestacións de servizos son dirixidas polo Concello e as concesións administrativas non.

- Roga que na prestación de servizos do persoal da limpeza e mantemento se cumpra o prego, no que se establece unha subrogación dos contratos nas mesmas condicións.

- En relación co tema da auga di que é certo que hai un contrato co Concello de Ferrol no que están implicados máis Concellos e que ao BNG lle preocupa o incremento do custe da auga e do saneamento, polo que roga que se trate o tema da auga con rigor nunha Comisión Informativa, mesmo creando unha especial se é preciso.

O alcalde di que o goberno está traballando no tema e que son conscientes da gravidade. Respecto do reparto do canon da auga anuncia que vai ir a un curso a semana que vén e logo quizais poida dar mellores explicacións. En canto á depuradora di que, tal e como se comentou outras veces na Xunta de Voceiros, os dous últimos bombeos anteriores á depuradora, comúns a varios Concellos e que representan un custe moi alto, van ser asumidos pola Xunta de Galicia, co que o custe vaise reducir en 350.000 euros aproximadamente para os concellos de Ares, Mugardos e Fene.

- En relación co informe da Xunta sobre os Servizos Sociais do Concello, fundamentalmente relacionado coa dependencia e que se lles facilitou hai días, e tamén o propio Plan Concertado no que se explica e se xustifica o investimento relacionado cos dependentes, pregunta ¿fíxose algo ao respecto das deficiencias que se detectan nese informe, concretamente respecto do servizo de atención a dependentes que sinala 13 persoas de 49 que están atendidas cun volume de horas inferior ao que teñen dereito?

Engade que a ordenanza que regula o servizo de axuda no fogar está obsoleta, algo que hai tempo que di e que a modalidade de contratación da empresa que presta servizos non está xustificada dabondo, polo que pregunta ¿que se fixo ao respecto?

Contesta a concelleira dona Juana Barro Couto dicindo que, sobre a dependencia, hai xente á que lle corresponden as 90 horas, pero non as van querer xa que encarece bastante; en relación á ordenanza, estívose esperando a que saíra unha nova normativa que se publicou en marzo e xa se está a traballar nun borrador en Servizos Sociais; en canto á externalización do servizo, tamén se está a traballar nisto, xa que ata o de agora a empresa que presta servizos ten un contrato menor.

- En relación coa escola infantil roga que se presente un proxecto e un terreo á Xunta de Galicia para que poida levalo adiante e pregunta ¿por que non se valoran outras opcións alternativas a Barallobre, tendo en conta que se pode atender a nenos doutros Concellos, como pode ser Cabanas ou A Capela e ben se podería facer unha escola infantil en Maniños, por exemplo?

Contesta o alcalde dicindo que se poden contemplar outras posibilidades, que pode ser que a ubicación sería mellor nos Casais que en Barallobre, pero tería en contra que non ten pavillón, pero que, non obstante, non hai nada feito, xa que a Xunta quedou en vir, que el lle insistiu á delegada porque xa se cansou de insistir no Consorcio e o técnicos non viñeron, que se hai que volver ir a Santiago irá, pero que non logra que veñan ver e estudar as posibilidades.

Intervén a concelleira do BNG dona Rita María Couto Seijido para dicir que non teñen ningunha preferencia polo centro dos Casais ou do Ramo, pero que hai varios centros e se que podería valorar todo no seu conxunto, pregunta en que situación quedaría a cesión de terreos aprobada polo Pleno se non se fai a escola infantil.

O alcalde di que a cesión tería que reverter porque a cesión esta feita para un fin específico.

- ¿En que situación están as obras pendentes de Medio Rural? Contesta o alcalde que estas obras se van adxudicar ao longo deste mes, que foi outra das cousas que falou coa delegada da Xunta de Galicia.

- ¿Sábese a data do día de celebración do Deporte na Rúa que tradicionalmente se viña facendo o 1 de xullo? Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Ponte que se fará o día 1 de xullo.

### **ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MIXTO**

- En relación cos desbroces nas fincas dos veciños o ano pasado o alcalde lle dixo que o Concello ía actuar de oficio e non esperar a que os veciños denunciaran, agora que chega o verán e a xente se queixa por este tema pregunta ¿vai actuar o concello de oficio ou vai esperar ás denuncias?

Contesta o alcalde dicindo que non pensa que dixera nunca que o Concello ía actuar de oficio desbrozando fincas privadas, replicando a Sra. Martínez Rodríguez que o alcalde lle dixo nunha Xunta de Voceiros que o concello ía proceder a avisar aos veciños para que limparan as súas fincas privadas. O alcalde preguntalle se pensa que o concello ten capacidade ou competencia para ir por todo o municipio e inspeccionar todas as fincas dos veciños para ver cal invade a dos veciños e logo examinar o catastro para logo requirir aos veciños.

- ¿Hai algún avance sobre a actividade do Bautismo de Mergullo? Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Ponte que hai previsto ter unha reunión co coordinador da actividade e que tentou chamalo varias veces pero non foi posible contactar con el.

- No Pleno do mes de agosto preguntou a quen competía a limpeza en Sillobre na Fonte de Toure e se lle contestou que era competencia da igrexa, pero os veciños lle dixeron que o outro día foron dous operarios arranxar o adro da igrexa polo que pregunta ¿se foi certo ou non e se unhas cousas son competencia da igrexa e outras non o son? Contesta o alcalde dicindo que dende o Concello sempre se colaborou coas Sociedades e as Comisións de Festas.

Intervén tamén o concelleiro don José Andrés Serantes Painceiras dicindo que o arranxo no adro da igrexa de Sillobre consistiu en arranxar unhas baldosas que estaban levantadas e que tamén se colaborou a semana pasada en Barallobre para adecentar o adro, xa que o domingo hai comunións e a Perlío ao Cruceiro; di que, en definitiva, se trata de colaboración.

- En relación cun escrito de 19 de abril do colexio dos Casais pregunta ¿fíxose algo en relación cos arranxos que solicitaban e coa situación da praza do conserxe? Contesta o alcalde dicindo que estes amaños transcenden do que son os arranxos que corresponderían ao Concello e a Consellería ten coñecemento disto, que se lle dixo por activa e pasiva que habería que abordar unha reforma en profundidade.

Intervén tamén o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez dicindo que hai máis dun mes que xa hai conserxe.

- No Pleno extraordinario dos orzamentos fíxose o comentario de que pagar algunhas facturas sería ilegal e pregunta por que.

Contesta o alcalde dicíndolle que pase pola Alcaldía para recibir resposta a esa cuestión, xa que hai datos e nomes que non pode facilitar aquí por cuestións de protección de datos.

- En relación co dito sobre as Festas de Magalofes entende que se isto se fixo dende tempo inmemorial, gobernando o BNG, o PSOE ou quen fose e se se fixo así con cargo ao Concello, cousa que descoñece, entende que esta mal feito polo que suxire que se deixe de facer así, xa que pola parroquia de Sillobre os gaiteros pasan a pé e pregunta ¿faise así en todas as parroquias e con todas as sociedades? Contesta o alcalde que el mesmo lle pode dar unha lista das cousas que están mal feitas neste concello para que poida manifestar publicamente que están mal feitas e que hai cousas que o grupo de goberno vai seguir facendo.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20:51 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas